

**212 x 177: ANÁLISE DIALECTOMÉTRICA DA VARIACIÓN LINGÜÍSTICA DO GALEGO DE LESTE A
OESTE E DE NORTE A SUR**

PEDRO GARCÍA LOUZAO & REYES RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

Universidade de Santiago de Compostela

A dialectoloxía tradicional galega estableceu que o galego está dividido en tres grandes bloques dialectais separados por isoglosas que percorren o territorio de norte a sur (Fernández Rei 1990). Os estudos dialectométricos dos últimos anos coinciden, polo xeral, con ese trazado xeoelectal (Sousa 2006). En consecuencia, parece que existe unha maior distancia lingüística entre as falas occidentais e orientais ca entre as falas setentrionais e meridionais, mais en que grao?

Neste traballo, partiremos da análise dialectométrica de Álvarez, Dubert e Sousa (2006) e empregaremos as mesmas ferramentas para, a partir dos datos fonéticos que eles emplegaron, medir o grao de proximidade entre as catro falas más periféricas da rede de puntos que se estableceu para o *Atlas Lingüístico Galego*. A partir do trazado de dous eixos, un que cruce Galiza de norte a sur (dende C-01 a O-31) e outro que a cruce de leste a oeste (C-45 a Le-2), analizaremos como se relacionan os seus extremos (se a distancia é maior nun que noutro, se existen zonas de chanzo...) e se a distancia lingüística se corresponde dalgún xeito coa distancia xeográfica.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario / Francisco Dubert / Xulio Sousa (2006): "Aplicación da análise dialectométrica aos datos do *Atlas Lingüístico Galego*", en R. Álvarez / F. Dubert García / X. Sousa Fernández (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 461-493.
- Dubert, Francisco / Xulio Sousa (2016): "On quantitative geolinguistics: an illustration from Galician dialectology". *Dialectologia*, Special Issue 6, 191-221.
- Fernández Rei, Francisco (1985): "Áreas lingüísticas do galego actual", en Aina Moll (ed.): *Actes. XVle Congrès International de Lingüística i Filología Romàniques* (Palma de Mallorca, 1980), vol. 2, pp. 485-498.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Haimerl, Edgar (2023): "The visualization of dialect data with VDM". *Zeitschrift für romanische Philologie* 139: 4, 991-1002.
- Sousa Fernández, Xulio (2006): "Análise dialectométrica das variedades xeolingüísticas galegas", en Mª. C. Rolão Bernardo / H. Mateus Montenegro: *I Encontro de Estudos Dialectológicos: Actas*. Ponta Delgada: Instituto Cultural de Ponta Delgada, 345-362.
- Sousa Fernández, Xulio (2023): Galician Dialect Classifications. *Dialectologia*, Special Issue 11, 111-145.